

# PRINCIPALIS POLIFONISTAS

Aínda que a polifonía renacentista non se poida entender sen as contribucións previas de compositores franco-flamengos como Binchois, Dufay, Ockeghem ou Desprez, será na Italia do XVI cando alcance o seu momento de maior esplendor. Isto débese a que importantes compositores franco-flamengos da súa última xeración como Adrian Willaert ou Jacques Arcadelt se trasladaron a este territorio desenvolvendo a súa carreira e contribuindo á formación das seguintes niñadas de compositores.

Tres serán as principais figuras da polifonía do XVI, o italiano Giovanni Pierluigi da Palestrina, o flamengo Orlando di Lasso e o castelán Tomás Luis de Victoria.

# Giovanni Pierluigi da Palestrina

## (ca. 1525-1594)

Toma o nome da súa cidade natal, Palestrina, onde traballou de organista e de director do coro antes de trasladarse a Roma

A música de Palestrina é sempre vocal, sen partes instrumentais. Presenta unha sonoridade homoxénea en que todas as voces teñen a mesma importancia. Utiliza poucos acordes en cada obra con frecuentes mudanzas de posición que transmiten unha sensación de equilibrio e de homoxeneidade. As súas liñas melódicas son longas cun pulso moi sutil que reserva as disonancias para as partes débiles.

A súa obra relixiosa inclúe unhas cen misas, trescentos motetes e un cento de composicións como magnificats, himnos e ofertorios. Escribiu máis dun cento de madrigais tanto sacros como profanos. A diferenza doutros contemporáneos, Palestrina non foi un innovador do punto de vista técnico, senón que creou un estilo místico aproveitando os procedementos de composición utilizadas no momento.

# Giovanni Pierluigi da Palestrina (ca. 1525-1594)

Toma o nome da súa cidade natal, Palestrina, onde traballou de organista e de director do coro antes de trasladarse a Roma

A música de Palestrina é sempre vocal, sen partes instrumentais. Presenta unha sonoridade homoxénea en que todas as voces teñen a mesma importancia. Utiliza poucos acordes en cada obra con frecuentes mudanzas de posición que transmiten unha sensación de equilibrio e de homoxeneidade. As súas liñas melódicas son longas cun pulso moi sutil que reserva as disonancias para as partes débiles.

A súa obra relixiosa inclúe unhas cen misas, trescentos motetes e un cento de composicións como magnificats, himnos e ofertorios. Escribiu máis dun cento de madrigais tanto sacros como profanos. A diferenza doutros contemporáneos, Palestrina non foi un innovador do punto de vista técnico, senón que creou un estilo místico aproveitando os procedementos de composición utilizadas no momento.

# Orlando di Lasso (ca. 1532-1594)

Pertence á última xeración de compositores franco-flamengos e é unha das máis importantes figuras da última etapa do Renacemento. Cóntase que durante a súa infancia foi raptado tres veces debido á beleza da súa voz.

Ten unha importante produción de música profana, pois cultivou a chanson, a villanella e o madrigal. Foi tamén un importante polifonista sacro porén, as súas misas, inspiradas na chanson, seguen este modelo con tal fidelidade que mostran o nivel de integración que lograranos distintos estilos da altura, cen anos despois de que Dufay comezase a basear as súas misas en melodías profanas.

Utilizou o estilo polifónico característico da música sacra da época -que se parecía cada vez máis ao estilo madrigalesco- e da nova música profana alemá, francesa e italiana. Publicou gran parte da súa obra en vida, o que revela a importancia que tivo na súa época.

# Tomás Luis de Victoria (ca. 1548-1611)

Formouse musicalmente como neno cantor do coro da Catedral de Ávila. Máis tarde trasladaríase a Roma onde puido ter estudado con Palestrina e onde desenvolvería parte da súa carreira ata establecerse en Madrid (1586).

Do punto de vista musical, as súas vinte misas e corenta e catro motetes considéranse conservadores a respecto do uso do contrapunto e innovadores pola fonda expresión emotiva do texto. A súa música foi moi celebrada na época, de feito toda a súa obra publicouse en vida, sendo especialmente populares o seu requiem *Officium defunctorum* e o motete *Ave Maria*. Non escribiu música profana.